>>> CONSULTA COA TÚA DELEGADA SINDICAL DE CCOO <<<

ENQUISAS 2026

CARREIRA PROFESIONAL SERGAS

Trala información recibida polo SERGAS, informamos de que as **enquisas de valoración de competencias persoais** estarán dispoñibles do **27.10.2026 ao 27.11.2026** (ambos días incluídos).

AREA I

Os/as profesionais que solicitaron este ano un grao de carreira profesional, serán avaliados, de forma xeral, mediante **5 enquisas**:

- **A do propio profesional (autoavaliación).**
- **A do superior xerárquico ou responsable directo.**
- **As de compañeiros/as (ata tres).**

As enquisas, que son anónimas e obrigatorias, estarán dispoñibles no **FIDES** dentro do prazo indicado. Os solicitantes recibirán un recordatorio por SMS e correo corporativo.

A **puntuación final da Area I** será a **media aritmética das cinco enquisas** e sumarase tamén a puntuación correspondente aos **obxectivos cumpridos (CPV)** naqueles colectivos que os teñan.

AREA IV

Por outra banda, lembramos que a cumprimentación de **todas as enquisas que lle sexan requiridas no ano ós profesionais para avaliar compañeiros/as** será valorada con **1 punto** dentro da **área IV** (compromiso e implicación coa organización).

CCOO REXEITA ESTE MODELO DE AVALIACIÓN

Unha vez máis, desde **CCOO** denunciamos este **sistema NON OBXECTIVO de avaliar a área I**, baseado en enquisas, que foi aprobado pola Comisión de Seguemento da Carreira Profesional da que forman parte o **SERGAS**, **CIG**, **CSIF**, **UGT**, **SATSE** e **CESM**.

21 de outubro do 2026